

INFORME DE TESOURARIA

ASUNTO: Beneficios fiscais. Presuposto 2019

I. Finalidade do informe

O Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, recollía unha disposición final primeira que modifica o artigo 168.1.e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), introducindo a obriga de incorporar ao presuposto xeral un anexo relativo aos beneficios fiscais nos tributos locais :

“Artículo 168. Procedimiento de elaboración y aprobación inicial.

El presupuesto de la entidad local será formado por su presidente y a él habrá de unirse la siguiente documentación: (...)

e) Anexo de beneficios fiscales en tributos locales conteniendo información detallada de los beneficios fiscales y su incidencia en los ingresos de cada entidad local.”

O mandato legal ten como obxectivo a cuantificación dos beneficios fiscais que afectan aos tributos do concello.

A citada disposición legal non especifica o contido concreto do Anexo, nin a súa estrutura, polo que se seguirá a estrutura que establece a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se establecen as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, emítese este informe, cunha estrutura que procura respectar o formulario F.1.1.17. “Beneficios fiscales y su impacto en la recaudación”.

II. Limitacións ao alcance

Para a obtención de datos cos que elaborar o informe o aconsellable sería partir da información da liquidación do orzamento 2018, e da remisión que os distintos xestores (Deputación, Recadación do concello, Urbanismo, Espina y Delfin sl) efectuasen á tesouraría. Sin embargo a que suscribe non conta no día da data con esa información. Pártese para a confección das previsións dos dtos incorporados ao informe de tesouraría de 22 de novembro de 2018, referido aos beneficios fiscais concedidos no 2017. Se considera que estas cifras non exprimentarán cambios substanciais.

Ademais do anterior, compre advertir das seguintes limitacións:

- a confección das listas cobratorias, padróns e censos por Recadación ven predeterminada pola proposta que elaboran as distintas áreas municipais (servizos sociais, educación, urbanismo...). Isto supón que, no caso de que as áreas non desagreguen a cota íntegra, a bonificación e a cota líquida, non quedará reflectida na aplicación de xestión tributaria, a incidencia dos beneficios fiscais correspondentes.

- Nos tributos xestionados por Recadación, de devengo periódico e que son obxecto de domiciliación, dispónse do dereitos recoñecidos ao longo do exercizo, pero a cifra de recadación non se refire aos censos xestionados mediante domiciliacións posteriores ao 1 de novembro (posto que o peche estase a realizar unha vez transcorren as oito semanas dentro das que se poden executar ordes de devolucións de domiciliacións polas entidades financeiras).

- Taxas telefónica: Este dato, non se consigna nas táboas incorporadas neste informe, dado que se enténdese que mais que un beneficio fiscal, supón un réxime de tributación diferente, regulado pola Lei 19/1987.

- IAE: Non é posible cuantificar as exencións deste imposto, dado que a información suministrada pola AEAT non inclúe os datos necesarios para o cálculo da cota tributaria e, polo tanto, non é posible a súa cuantificación

III. Delimitación do concepto de beneficio fiscal

O informe de beneficios fiscais do presuposto 2019 deberá recoller a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios producida tras a aplicación de beneficios fiscais.

Os beneficios fiscais responden ao concepto de incentivo fiscal, isto é, medidas de orde tributario con obxecto de acadar determinados obxectivos de política económica e social. Os elementos que se comprenden baixo o concepto de beneficio fiscal nos tributos locais serán fundamentalmente, aínda que non unicamente, as exencións e bonificacións.

Non existe un concepto de beneficio fiscal delimitado na normativa vixente, pero sí numerosa doutrina no campo. Neste senso, e aos efectos deste informe, son características definitorias para considerar un elemento impositivo como beneficio fiscal:

- Debe existir unha desviación intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impositivo que se pretende gravar.
- Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, se integre no ordenamento tributario e estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes, ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
- Existir ou non a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.

Neste caso, e para que se poidan discriminar correctamente as decisións de política fiscal adoitadas polo propio Concello das que non lle son dispoñibles ao poder local, o formulario diferencia os beneficios fiscais obrigatorios dos potestativos. Enténdese de importancia recoller os beneficios fiscais obrigatorios por ser os que supoñen un auténtico impacto económico nas arcas municipais, sen que o concello poida evitalo. Como se verá, nalgúns casos ese impacto medra de xeito aritmético sen apenas posibilidade de intervención por parte do Concello e sen que lle corresponda compensación de ningún tipo pola minoración de recursos que sofre.

Apélase, pois, neste informe á noción ampla do concepto de beneficio fiscal.

IV. Formulario F1.1.17 de Beneficios Fiscais. Plataforma oficina virtual EE.LL.

A continuación se recollen a información requirida para cumprimentar o formulario F.1.1.17, segundo criterios descritos ao longo deste informe e coas limitacións nel recollidas, pola técnico que subscribe:

Parte 1

IMPOSTO/DESCR.	PREV INICIAIS SEN BFO. FISCAL	EXISTENCIA BFO FISC. VOLUNT.	ESTIMACION BFOS. FISC. VOLUNT.	ESTIMACION BFOS. FISC. OBRIGAT.	ESTIMACION BFOS FISC COMPENSADOS POR AGE	PREVISIÓNS INICIAIS con BFOS FISCAIS	% PI con BF/ PI sen BF	%RECA/DRN con BF
IBI RUSTICA	18.412,00	SI	6.876,00	36,00		11.500,00	62,46%	
IBI URBANA	6.044.139,96	SI	32.379,55	168.757,77	9.702,64	5.833.300,00	96,51%	
BICES	16.216,00	NON	0,00	15.406,00		810,00	5,00%	
IVTM	1.238.488,04	SI	15.124,51	70.157,54		1.153.205,99	93,11%	
IIVTNU	1.019.744,00	SI	620.494,00	4.250,00		395.000,00	38,74%	
IAE	267.593,05	SI	0,00	11.143,30		256.449,75	95,84%	
ICIO	257.000,00	SI	sen datos	0,00		257.000,00	100,00%	
TAXAS	6.586.748,10 €	SI	218.721,15	0,00		6.368.026,95	96,68%	
CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS		NON						

Parte 2

Impuesto sobre Bienes Inmuebles	233.157,96
IBI RÚSTICA	6.912,00
Otros beneficios fiscais	6.912,00
IBI URBANA	201.137,32
Bonificación por empresas de urbanización (art. 73.1 TRLRHL)	
Bonificación por viviendas de protección oficial (art. 73.2 TRLRHL)	750,00
Bonificación por bienes inmuebles en asentamientos de población singulares (art. 74.1 TRLRHL)	
Bonificación por inmuebles de organismos de investigación y universidades (art. 74.2 bis1 TRLRHL)	
Bonificación por familia numerosa (art. 74.4 TRLRHL)	16.325,06
Bonificación por instalaciones de sistemas de aprovechamiento energético (art. 74.5 TRLRHL)	1.400,00
Exención a favor de centro educativos concertados (art. 7.1 Ley 22/1993)	9.986,04
Otros beneficios fiscales non incluídos anteriormente	172.676,22
BICES	15.406,00
Otros beneficios fiscales no incluídos anteriormente	15.406,00
Impuesto sobre Vehículos Tracción Mecánica	85.282,05
Exención a favor de vehículos oficiales (art. 93.1 a) TRLRHL)	
Exención a favor de vehículos de representación diplomática (art. 93.1 b) TRLRHL)	
Exención a favor de vehículos por aplicación de tratados internacionales (art. 93.1 c) TRLRHL)	
Exención a favor de ambulancias y vehículos de asistencia sanitaria (art. 93.1 d) TRLRHL)	44,30
Exención a favor de vehículos para personas de movilidad reducida (art. 93.1 e) TRLRHL)	49.848,04
Exención a favor de vehículos destinados al transporte público urbano (art. 93.1 f) TRLRHL)	
Exención a favor de tractores y remolques con Cartilla de Inspección Agrícola (art. 93.1 g) TRLRHL)	20.265,20
Bonificación por tipo de carburante (art. 95.6 a) TRLRHL)	79,10
Bonificación por tipo de motor (art. 95.6 b) TRLRHL)	410,00
Bonificación por vehículos históricos (art. 95.6 c) TRLRHL)	14.635,41
Impuesto sobre Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana	624.744,00
Exención por constitución y transmisión de derechos de servidumbre (art. 105.1 a) TRLRHL)	
Exención por transmisión de bienes de Conjunto Histórico-Artístico (art. 105.1 b) TRLRHL)	
Exenciones por razón del sujeto (art. 105.2 TRLRHL)	
Bonificación por transmisiones "mortis causa" a favor de familiares citados no art. 108.4 TRLRHL)	620.494,00

Otros beneficios fiscales no incluidos anteriormente	4.250,00
Impuesto sobre Actividades Económicas	11.143,30
Bonificación a favor de cooperativas fiscalmente protegidas (art. 88.1 a) TRLRHL)	11.143,30
Bonificación por inicio de actividad (arts. 88.1.b) y 88.2.a) TRLRHL)	
Bonificación por creación de empleo (art. 88.2.b) TRLRHL)	
Bonificación por utilización de energías renovables (art. 88.2.c) TRLRHL)	
Bonificación por rendimientos negativos o de cuantía mínima (art. 88.2.d) TRLRHL)	
Otros beneficios fiscales no incluidos anteriormente	

Ames, 6 de marzo de 2019

A tesoureira

Paloma Caínzos Orduna